1 **No movemento de translación, a Terra xira arredor…**

a. do Sol. **b.** da Lúa. **c.** de si mesma.

2 **O movemento de rotación da Terra dá lugar…**

a. aos días e as noites. **b.** ás fases lunares. **c.** ás estacións.

3 **Na Terra distínguense tres capas, que son a…**

a. atmosfera, a troposfera e a estratosfera.

b. hidrosfera, a xeosfera e a atmosfera.

c. hidrosfera, a biosfera e a estratosfera.

4 **Se ao amencer estendemos o brazo dereito cara a onde está o Sol, o punto cardinal que queda á fronte é o…**

a. sur. **b.** oeste. **c.** norte.

5 **O aire…**

a. non pesa. **b.** ocupa un lugar. **c.** ten forma fixa.

6 **A capa de gases que envolve a Terra chámase…**

a. atmosfera. **b.** biosfera. **c.** xeosfera.

7 **O paso da auga en estado gasoso a auga en estado líquido é a…**

a. evaporación. **b.** condensación. **c.** fusión.

8 **As zonas da Terra onde podemos encontrar augas xeadas son…**

a. os polos e as corgas.

b. os cumes das montañas e os polos.

c. o ecuador e os cumes das montañas.

9 **Un río moi caudaloso…**

a. leva pouca cantidade de auga.

b. ten pouca profundidade.

c. leva moita cantidade de auga.

10 **Os meandros dun río fórmanse no curso…**

a. alto. **b.** medio. **c.** baixo.

11 **Os materiais que compoñen as rochas son…**

a. as pedras. **b.** os minerais. **c.** as canteiras.

12 **Varias montañas agrupadas forman…**

a. unha serra. **b.** unha cordilleira. **c.** unha meseta.

13 **Un terreo rodeado de mar por todas as partes menos por unha é…**

a. unha península.

b. un arquipélago.

c. un istmo.

14 **Un Concello está presidido…**

a. polo concelleiro. **b.** polo alcalde. **c.** polos veciños.

15 **A maior parte da poboación urbana traballa…**

a. na agricultura. **b.** na industria. **c.** nos servizos.

16 **O sector primario é…**

a. a actividade que presta servizos.

b. a actividade que obtén materias primas.

c. a actividade que transforma as materias primas.

17 **No sector secundario traballa un…**

a. mariñeiro. **b.** médico. **c.** artesán.

18 **Unha década equivale a…**

a. cinco anos. **b.** dez anos. **c.** cen anos.

19 **Unha fotografía é unha fonte histórica…**

a. material. **b.** gráfica. **c.** oral.

20 **A primeira etapa da historia é a…**

a. Idade Antiga. **b.** Idade Media. **c.** prehistoria.